



TÍTULO SUPERIOR EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS
Escola Superior de Conservación e Restauración de BBCC de Galicia

Materia: Técnica da conservación activa dos bens pictóricos III

Departamento: Conservación e restauración de pintura

Obrigatoria da especialidade	Curso: 4º pintura	Cuadrimestral	3 ECTS
-------------------------------------	--------------------------	----------------------	---------------

Teórica

Profesora: Andrea Fernández Arcos
afarcos@edu.xunta.es

Horario: 2 horas semanais

DESCRIPCIÓN DA MATERIA

Estudo das alteracións, para establecer diagnoses e propostas de tratamento. Definición dos criterios de intervención aplicables. Metodoloxía e técnicas específicas de conservación-restauración.

COMPETENCIAS TRANSVERSAIS

T2	Recoller información significativa, analízala, sintetízala e xestionala adecuadamente.
T4	Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e a comunicación.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.

COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN

X1	Contextualizar o ben cultural, entendendo o seu significado como testemuña documental para o seu respecto e transmisión.
X2	Coñecer e identificar a composición material do ben cultural e os procedementos e técnicas empregados na súa elaboración.
X3	Recoñecer e identificar as alteracións do ben cultural e as causas de seu deterioro para avaliar o estado de conservación.
X4	Determinar os exames ou análises precisos e avaliar os seus resultados.
X5	Determinar os criterios de intervención e decidir o tratamento de prevención, conservación e/ou restauración máis axeitado
X6	Acadar coñecementos críticos sobre a metodoloxía, estratexias de actuación, tratamentos e emprego de materiais para a conservación e restauración.
X7	Deseñar sistemas e tratamentos de conservación e restauración

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE DE PINTURA

EP1	Diagnosticar as alteracións dos bens pictóricos e dos seus materiais constitutivos mediante o seu exame, identificación, análise e valoración.
-----	--

UNIDADES DIDÁCTICAS

Unidade	Subtemas	% no total da materia
1. A madeira como soporte pictórico. Materiais a estrutura da pintura sobre táboa	1.1 Técnicas e materiais 1.2 Evolución histórica 1.3 Estudio e características da madeira 1.4 A madeira como soporte pictórico	5 %
2. Pintura sobre táboa. Alteracións	2.1 Axentes de alteración e mecanismos de degradación. 2.2 Alteracións dos soportes de madeira 2.3 Alteracións das capas pictóricas en	37%

	pintura sobre táboa	
3. Tratamentos soporte	Desinsectación Consolidación por reforzo mecánico	37 %
4. Pintura sobre táboa. Tratamentos capas pictóricas	Consolidación. Fixación. Limpezas. Reintegración. Vernizado e protección	21%

PLANIFICACIÓN DOCENTE

Metodoloxías	Horas aula	Horas fóra	Total
Sesión maxistral	30		30
Estudo de casos/Estudo autónomo	4	36	40
Presentacións	2	3	5
Total	36	39	75

METODOLOXIA DOCENTE

Metodoloxía	Descrición
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos e as bases teóricas da materia obxecto de estudo
Estudo de casos/Estudo autónomo	Lectura e busca de documentación, recensión de textos e propostas para a análise e resolución de problemas. Traballo autónomo do alumnado.
Presentacións	Presentación dun tema sobre contidos da materia (resultados dun traballo, exercicio, proxecto...)

SISTEMAS DE AVALIACIÓN

Método	Criterios	% avaliación
Proba escrita	Corrección nos contidos. Síntese e análise crítica	60%
Presentación de traballos	Avaliación dos coñecementos e competencias adquiridas	30%
Observación sistemática	Asistencia a clase, participación na exposición de debates e traballos propostos, e entrega dos mesmos nos prazos fixados.	10%
Total		100 %

OUTROS COMENTARIOS A AVALIACIÓN E MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

- A asistencia é obrigatoria. Deste modo, a non asistencia ás clases repercutirá na cualificación (nun 10%, o alumno poderá ser cualificado cun 0 no apartado "Observación sistemática").
- Avaliarase o progreso do proceso de aprendizaxe, incluíndo este proceso todos os resultados acadados no traballo continuado de clase, os exercicios e traballos entregados no tempo estipulado ou os exames propostos ao longo do curso.



- Ao rematar o curso, na convocatoria ordinaria, realizarase un exame final que servirá de recuperación parcial/total segundo as partes non superadas.
- Os alumnos deberán realizar todos os traballos e exames establecidos ao longo do curso. A avaliación ordinaria poderá incluír a realización de probas específicas finais, comprendendo esta os contidos teóricos e todos aqueles relacionados cos traballos ou lecturas realizados ao longo do curso e recollidos como parte da avaliación.
- Os alumnos que non superen a convocatoria ordinaria terán a posibilidade de presentarse á convocatoria extraordinaria.
- Na avaliación extraordinaria, o alumno terá que realizar unha proba escrita que poderá conter probas específicas cando se consideren necesarias para unha correcta avaliación.

ATENCIÓN PERSONALIZADA

Ofrecerase atención personalizada ao alumnado durante todo o curso. As titorías docentes desenvolveranse previa cita co profesor.

BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA

- AAVV: **“LORENZO MONACO TECNICA E RESTAURO**. Ed. Edizioni Firenze98.
- AAVV: **“THE STRUCTURAL CONSERVATION OF PANEL PAINTINGS”** Ed.GCI 98
- Pérez Marín, E.; Vivanco Ramón V.: **“ASPECTOS TÉCNICOS Y CONSERVATIVOS DEL RETABLO BARROCO VALENCIANO”**. Ed. UPV 04.
- Vignote Peña, S. Jiménez Perís, F.J.: **“TECNOLOGÍA DE LA MADERA”**. Ed. Ministerio Agricultura, Pesca y alimentación. Madrid 2000.
- AAVV: **PAINTED WOOD HISTORY AND CONSERVATION**. Ed Getty Conservation Institute. Los Ángeles 98.
- García Esteban, L.: **LA MADERA Y SU ANATOMÍA**. Ed Mundi-Prensa libros 2004
- Johnston, David: **LA MADERA, CLASES Y CARACTERÍSTICAS**. Ed. Ceac, Barcelona 99
- AAVV: **“METODOLOGÍA PARA LA CONSERVACIÓN DE RETABLOS DE MADERA POLICROMADA”**. Ed. Junta de Andalucía & GCI. Sevilla 06